



### ELECCIÓN DE REPRESENTANTE DE PAIS/NAIS AO CONSELLO ESCOLAR DO IES FONMIÑÁ

*Resolución do 19 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 30 de setembro de 2022).*

Segundo a normativa vixente a Xunta Electoral está conformada por: a Presidenta (Directora do centro), un profesor/a, un pai/nai/titor/a legal, un representante do persoal de administración e servizos e un alumno/a.

As persoas que compoñen a Xunta Electoral serán elixidos por sorteo público o día 25 de outubro as 12:15 horas na Sala de Pais/Nais.

Conforme ao establecido nos artigos 38 e 39 redactados nas Disposicións adicionais do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, corresponde elixir no presente proceso electoral un pai/nai/titor/a legal.

As candidaturas poderanse presentar dende o día 3 de novembro (ás 13:00h) ata o día 11 (ás 12:00).

A mesa electoral estará formada pola Directora do Centro que actuará como Presidenta, e dous pais/nais/titor/a legal de entre os que non se presenten como candidatos/as, actuando o de menor idade como secretario/a. Ao efecto de constitución da mesa electoral o día 16 de novembro ás 12:15 horas terá lugar o sorteo público para a designación de integrantes.

Cada elector deberá acreditar a súa personalidade mediante a presentación do DNI ou outro documento acreditativo.

Cada nai/pai/titor/a legal fará constar na papeleta de elección o nome dun candidato/a.

A votación terá lugar o día 23 de novembro de 12:30 a 14:30, na Sala de Pais e Nais do centro.

A Pastoriza, 04 de outubro de 2022.

A Directora

Asdo.: María Isabel Valiela Pérez.



A LOE é a actual lei educativa. Modifica algunha atribución recollida no ROC do 96 aínda vixente no ensino secundario.

Artigo 127. *Competencias do Consello Escolar.*

**O Consello Escolar do centro terá as seguintes competencias:**

- a) Aprobar e avaliar os proxectos e as normas aos que se refire o capítulo II do título V da presente Lei.
- b) Aprobar e avaliar a programación xeral anual do centro sen prexuízo das competencias do Claustro de profesores, en relación coa planificación e organización docente.
- c) Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.
- d) Participar na selección do director do centro nos termos que a presente Lei establece. Ser informado do nomeamento e cesamento dos demais membros do equipo directivo. Se é o caso, previo acordo dos seus membros, adoptado por maioría de dous tercios, propoñer a revogación do nomeamento do director.
- e) Decidir sobre a admisión de alumnos con suxeición ao establecido nesta Lei e disposicións que a desenvolvan.
- f) Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar por que se atean á normativa vixente. Cando as medidas disciplinarias adoptadas polo director correspondan a condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia do centro, o Consello Escolar, por instancia de pais ou tutores, poderá revisar a decisión adoptada e propoñer, se é o caso, as medidas oportunas.
- g) Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- h) Promover a conservación e renovación das instalacións e equipo escolar e aprobar a obtención de recursos complementarios de acordo co establecido no artigo 122.3.
- i) Fixar as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas Administracións locais, con outros centros, entidades e organismos.
- j) Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.
- k) Elaborar propostas e informes, a iniciativa propia ou a pedimento da Administración competente, sobre o funcionamento do centro e a mellora da calidade da xestión, así como sobre aqueloutras aspectos relacionados coa calidade da mesma.
- l) Calquera outras que lle sexan atribuídas pola administración Educativa.

Lei orgánica 2/2006

(BOE 106, do 4-5-2006)

